



O río cando vai cheo
leva carballos e follas
tamén podía levar-e
o-as linguas marmularas.

Marmular marmulouse
marmulas sempre de min-he,
eu nunca fun marmulado
mais ca de xente ruín-he.

E ti que o tes
non o queres dar
desque vaias vella
i-has de que salar
e ti telo, telo
non o queres dar,
desque vaias vella
i-has ter que ghardar.

Chiculat' estaba malo
Xacarillas foi no ver,
Sustancia fíxoll' un huevo, ai, ai,
e non o puido comer-e.

Acabous' o chiculture,
partiu a chicultureira,
acabarons' os viaxes, ai, ai,
de San Fiz car' a Felgheira.

Ben te vin, ben te mirei-e,
ben te teño reparado,
o sol da porta non quenta
vai cantar a i-outro lado.

As moziñas de Moredo,
todas xuntas nun montón,
a millor-e delas todas ai, ai,
non che val' un patacón-he.



O zorro a mala zorra
iban xuntos a romería,
o zorro marchou pr' un lado
i a zorra cando quixo mirar-e
xa no no vía.

Na aldeíña d' Hospital-e
indo non entra calquera,
o zorro do tío Saureiro
a máis Primo de Rivera.